

**Orde pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería.**

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario docente que imparten ensinanzas en niveis non universitarios dispón no seu artigo 5 que se cubrirán en réxime de comisión de servizos, por concurso de méritos específicos entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, aquelas prazas que teñan por obxecto fomentar a investigación, favorecer a elaboración de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, tecnolóxicas, didácticas e de organización de centros docentes.

En consecuencia e sobre a base da autorización expresa que figura na Disposición derradeira primeira dese decreto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**ACORDA:**

**Artigo 1. Obxecto**

Convocar concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación para adxudicar en comisión de servizos as prazas que figuran no anexo I desta orde.

**Artigo 2. Participantes e requisitos**

As persoas que desexen participar nesta convocatoria deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Ter destino, definitivo ou provisional, no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso do persoal docente que se encontre en situación de excedencia voluntaria, adscrito a prazas no exterior ou circunstancias análogas, o cumprimento deste requisito entenderase referido ao centro en que tivese o seu destino definitivo docente no momento de producirse a situación ou adscrición citadas.



Non reúne este requisito o persoal docente dependente doutra Administración educativa que se encontre prestando servizos na Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de comisión de servizos.

Reúne este requisito o persoal que obtivera destino no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia no concurso de traslados convocado pola Orde de 4 de outubro de 2022, pola que se convoca concurso de traslados entre o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A).

### Artigo 3. *Solicitudes e documentación*

1. O persoal concursante presentará unha única solicitude, independentemente do número de prazas ás que se presente, axustada ao modelo que figura como anexo II.

2. Para cada praza solicitada achegarase:

a) A folla de autobaremación seguindo o modelo do anexo IV, tendo en conta o baremo establecido no anexo III.

b) A documentación acreditativa de que se posúen os requisitos exixidos para a praza que se solicita e a que se indica no baremo que figura como anexo III para a acreditación dos méritos que alegue.

O profesorado que completou o expediente persoal no enderezo web: <https://www.edu.xunta.es/datospersoais>, só deberá xuntar a documentación acreditativa dos novos méritos que alegue.

En todo caso, non se terán en conta nin se valorarán os méritos nin os servizos alegados non xustificadas debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o artigo 4.

c) Un proxecto de traballo que versará sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes a cada posto, tendo en conta as características destes, cunha extensión máxima de 20 folios, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño DIN-A4 e cunha letra tipo Arial, tamaño once puntos sen comprimir.



#### Artigo 4. *Lugar e prazo de presentación*

O prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos, será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e poderán presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa selada e datada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase a renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo de reclamacións á resolución provisional establecido no punto 1 do artigo 7, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

#### Artigo 5. *Comisión de selección*

1. A selección das persoas aspirantes será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: o director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, en función dos distintos postos que se vaian cubrir.

Vogalías: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de subdirección xeral ou xefatura de servizo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha persoa representante para a asistencia ás sesións da comisión con voz e sen voto. Coa debida antelación, o nome da persoa representante seralle comunicado ao presidente da comisión de selección.



2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coiden pertinentes. Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha persoa representante para a asistencia ás sesións da subcomisión con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño) estando cualificadas na categoría primeira.

#### Artigo 6. *Proceso de selección*

O proceso de selección constará de dúas fases. Unha primeira en que se valorarán os méritos alegados e o proxecto presentado e unha segunda en que se poderá realizar unha entrevista ao persoal aspirante que supere a primeira fase.

Primeira fase de selección:

1. A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada aspirante, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo III. Estas listas publicaranse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal/>.

2. O persoal aspirante poderá presentar as alegacións que estime convenientes contra a listaxe provisional, dirixidas ao presidente da comisión de selección, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 4 desta orde e ademais deberán presentarse por medio dun correo electrónico dirixido ao enderezo [sxp@edu.xunta.gal](mailto:sxp@edu.xunta.gal).

3. Logo de estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nas epígrafes de méritos e proxecto de traballo, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal/>.

Segunda fase de selección:



1. Todo o persoal aspirante que obteña unha puntuación mínima de 3 puntos no proxecto poderá ser convocado pola comisión de selección á realización dunha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que concorren nel, e que versará sobre o proxecto presentado.

2. O persoal aspirante que non acade unha puntuación mínima de 3 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, de ser o caso, non poderá ser proposto pola comisión. Será seleccionado aquel persoal aspirante que obtendo as puntuacións mínimas sinaladas acade as maiores puntuacións no total das epígrafes contidas no baremo establecido no anexo III, para a praza que solicitan.

3. No caso de se produciren empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nas epígrafes 6, 3, 1 e 5 do baremo.

#### *Artigo 7. Proposta de nomeamento.*

1. A relación provisional do persoal concursante seleccionado, farase pública no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal/>. Establecerase un prazo de tres días hábiles para que o persoal interesado poida efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisionalmente. As reclamacións presentaranse de acordo co artigo 4 desta orde e ademais deberán presentarse por correo electrónico dirixido ao enderezo [sxp@edu.xunta.gal](mailto:sxp@edu.xunta.gal).

2. Logo de resoltas as reclamacións e admitidas as posibles renuncias, a Comisión remitiralle ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se adxudicará a cada unha delas.

#### *Artigo 8. Resolución da convocatoria.*

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicará no portal de Internet da consellería <http://www.edu.xunta.gal/> a resolución definitiva do concurso. Contra a resolución da convocatoria, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e



Universidades <http://www.edu.xunta.gal/> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. O persoal docente que resulte seleccionado pola presente convocatoria quedará adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2023, e permanecerá neles en réxime de comisión de servizos por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis. Establecerase un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade. Esta avaliación será realizada por unha comisión coa mesma composición establecida no artigo 5 desta orde, logo dos informes que estime oportunos.

Este persoal cesará nos seus postos de orixe con data 31 de agosto de 2023 con dereito a reserva do seu posto de traballo durante o tempo que permaneza en comisión de servizos.

#### *Artigo 9. Devolución da documentación presentada.*

O persoal interesado ou quen actúe na súa representación legal poderá retirar a documentación presentada para acreditar os méritos alegados na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo de trinta días pasado un mes dende a publicación no portal de Internet da consellería <http://www.edu.xunta.gal/> da resolución definitiva do concurso.

#### *Artigo 10. Retribucións*

Para os efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, o persoal funcionario docente que resulte seleccionado poderá percibir o complemento específico correspondente ao asesor técnico docente, segundo o establecido no anexo V, 2º da Orde do 19 de xaneiro de 2023 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2023 (DOG n.º 14, do 20 de xaneiro de 2023).

#### *Disposición adicional*

1. Os requisitos para participar nesta convocatoria e os méritos que aleguen as persoas solicitantes deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes.
2. Todos os méritos que consten no expediente do persoal participante non terán que





xustificalos.

3. As actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio de 2013 deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (*DOG* n.º 96, do 22 de maio).

*Disposición derradeira*

Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González



**ANEXO I**

Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
1	Asesor/a de xestión de datos	2	<p>Persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos ou de profesores de ensino secundario preferentemente da especialidade de Matemáticas.</p> <p>Experiencia en análise e procesado de datos masivos, estatística e xestión de información.</p>	Secretaría Xeral Técnica	<p>Xestión e análise de datos do sistema educativo.</p> <p>Xestión e análise doutros datos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.</p> <p>Investigación cuantitativa.</p> <p>Recollida de información e xestión da coordinación estratéxica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.</p> <p>Apoio á innovación educativa e cultural.</p>
2	Asesor/a de coordinación estratéxica	1	<p>Persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos ou de profesores de ensino secundario do campo científico-tecnolóxico (preferentemente das especialidades de Matemáticas, Tecnoloxía ou Bioloxía e Xeoloxía).</p> <p>Experiencia en xestión de programas de innovación e xestión de equipos multidisciplinares.</p>	Secretaría Xeral Técnica	<p>Xestión de proxectos multidisciplinares no ámbito da Secretaría Xeral Técnica (cultura e educación) orientados a innovación e dixitalización.</p> <p>Coordinación con outras entidades no desenvolvemento de proxectos.</p>
3	Asesoría de arquivística e documentación museística	1	<p>Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario, preferentemente da especialidade de Xeografía e Historia.</p> <p>Formación en biblioteconomía, arquivística e documentación</p> <p>Experiencia en inventariado e catalogación de fondos.</p>	Secretaría Xeral Técnica (MUPEGA)	Documentación, organización e xestión de fondos e exposicións.
4	Asesoría de didáctica e divulgación museística	1	<p>Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario, preferentemente da especialidade de Xeografía e Historia.</p> <p>Formación en museoloxía (preferiblemente de postgrao).</p> <p>Experiencia en didáctica e divulgación en centros museísticos.</p>	Secretaría Xeral Técnica (MUPEGA)	Elaboración, xestión e atención de actividades didácticas (para grupos, obradoiros, etc.) e difusión e divulgación.
5	Asesor/a técnico/a docente no Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades	1	<p>Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario.</p> <p>Titulación de grao ou licenciatura en filoloxía galega, filoloxía galego-portuguesa ou filoloxía hispánica (sección galego-portugués).</p> <p>Experiencia na elaboración de contidos educativos, de carácter lingüístico e literario así como de material didáctico de lingua e literatura galega.</p> <p>Experiencia na coordinación de publicacións e edicións de materiais relacionados coa lingua e literatura galegas</p>	Secretaría Xeral de Política Lingüística.	<p>Coordinación da elaboración de materiais para a divulgación da lingua e literatura galegas.</p> <p>Coordinación de apoio á elaboración de materiais e ao deseño de actividades para aprendizaxe e dinamización da lingua galega.</p> <p>Apoio á elaboración e adaptacións de normativas e proxectos curriculares.</p> <p>Dirección en proxectos de legados literarios.</p>
6	Asesor/a técnico/a docente no Centro	1	<p>Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario.</p>	Secretaría Xeral de Política	Coordinación da elaboración de materiais para a divulgación da lingua e literatura galegas.





Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
	Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades		Titulación de grao ou licenciatura en filoloxía galega, filoloxía galego-portuguesa ou filoloxía hispánica (sección galego-portugués). Experiencia na elaboración de contidos educativos, de carácter lingüístico e literario así como de material didáctico de lingua e literatura galega.	Lingüística.	Coordinación de apoio á elaboración de materiais e ao deseño de actividades para aprendizaxe e dinamización da lingua galega. Apoio á elaboración e adaptacións de normativas e proxectos curriculares. Investigación no marco do proxecto TPGal do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades e para a xestión e divulgación do legado científico do profesor Jürgen Untermann.
7	Asesor/a docente de apoio aos Equipos de Dinamización da lingua galega (EDLG)	1	Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario. Titulación de grao ou licenciatura en filoloxía inglesa ou equivalente. Estar en posesión do Celga 4.	Secretaría Xeral de Política Lingüística.	Colaboración na xestión da formación específica para os EDLG dos centros educativos. Colaboración na xestión de actuacións para a dinamización lingüística dos centros de ensino. Deberá colaborar cos EDLG e a súa coordinación central na xestión das actuacións de dinamización (que incluírá o control dos orzamentos e a xestión da facturación). Participación na xestión de programas e proxectos de dinamización da lingua organizados ou apoiados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL). Colaboración na organización, promoción e difusión de experiencias innovadoras dos centros docentes. Organización e distribución do material bibliográfico da SXPL. Tradución de documentación relacionada coa dinamización lingüística e outras competencias da SXPL. Colaboración cos Centros de Estudos Galegos conveniados con universidades de fóra de España.
8	Coordinador/a da área de equipos de dinamización da lingua galega nos centros de ensino non universitario da provincia da Coruña	1	Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos, profesores de ensino secundario, mestres ou profesores das Escolas Oficiais de Idiomas. Estar en posesión do Celga 5.	Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades na Coruña	Asesorar e dinamizar os equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino non universitario da súa provincia. Definir, en coordinación co persoal técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, as estratexias xerais de actuación no seu ámbito. Redactar unha memoria anual que recolla as actuacións desenvolvidas, segundo as pautas establecidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cunha análise do seu labor durante ese curso académico. Deseño e posta en marcha dos seminarios, encontros, xornadas e demais actividades que teñan como finalidade a planificación, formación e dinamización dos equipos de dinamización da lingua galega. Deseño e elaboración dos materiais, ferramentas e recursos que utilizarán os equipos de dinamización da lingua galega e destinados á dinamización dos centros.
9	Coordinador/a da área de equipos de dinamización da lingua galega nos centros de ensino non universitario da provincia de Lugo	1	Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos, profesores de ensino secundario, mestres ou profesores das Escolas Oficiais de Idiomas. Estar en posesión do Celga 5.	Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades en	Asesorar e dinamizar os equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino non universitario da súa provincia. Definir, en coordinación co persoal técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, as estratexias xerais de actuación no seu ámbito. Redactar unha memoria anual que recolla as actuacións desenvolvidas, segundo as pautas establecidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cunha análise do seu labor durante ese curso académico.



Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
				Lugo	Deseño e posta en marcha dos seminarios, encontros, xornadas e demais actividades que teñan como finalidade a planificación, formación e dinamización dos equipos de dinamización da lingua galega. Deseño e elaboración dos materiais, ferramentas e recursos que utilizarán os equipos de dinamización da lingua galega e destinados á dinamización dos centros.
10	Coordinador/a da área de equipos de dinamización da lingua galega nos centros de ensino non universitario da provincia de Ourense	1	Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos, profesores de ensino secundario, mestres ou profesores das Escolas Oficiais de Idiomas. Estar en posesión do Celga 5.	Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades en Ourense	Asesorar e dinamizar os equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino non universitario da súa provincia. Definir, en coordinación co persoal técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, as estratexias xerais de actuación no seu ámbito. Redactar unha memoria anual que recolla as actuacións desenvolvidas, segundo as pautas establecidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cunha análise do seu labor durante ese curso académico. Deseño e posta en marcha dos seminarios, encontros, xornadas e demais actividades que teñan como finalidade a planificación, formación e dinamización dos equipos de dinamización da lingua galega. Deseño e elaboración dos materiais, ferramentas e recursos que utilizarán os equipos de dinamización da lingua galega e destinados á dinamización dos centros.
11	Asesor/a técnico/a en formación e certificación da lingua galega	1	Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario. Titulación de grao ou licenciatura en filoloxía galega, filoloxía galego-portuguesa ou filoloxía hispánica (sección galego-portugués). Experiencia na coordinación de equipos de actividades de formación, publicacións e edición de materiais relacionados coa formación promoción da lingua galega no exterior. Coñecemento mínimo a nivel de B2 de dúas linguas estranxeiras. Coñecemento e experiencia no uso das novas tecnoloxías aplicadas á didáctica da lingua galega.	Secretaría Xeral de Política Lingüística.	Asesoramento na coordinación de probas, validacións e certificación da competencia en lingua galega. Asesoramento técnico na relación entre os niveis da lingua galega e o Marco Europeo de Referencia Común para as linguas (MERC). Coordinación das relacións coa Asociación de Examinadores de Linguas Europeas (ALTE). Asesoramento técnico docente nas relacións coa formación en lingua galega nas comunidades estranxeiras. Coordinación das actuacións formativas dos Centros de Estudos Galegos.
12	Asesor/a de coordinación de programas de planificación, dinamización e proxección exterior da lingua galega.	1	Persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos ou profesores de ensino secundario, especialidade de Lingua Galega e Literatura.  Dominio oral e escrito da lingua inglesa con acreditación mínima de B2 segundo o MCER.  Experiencia na xestión e coordinación de plans e programas de ensino, avaliación, dinamización e planificación da lingua galega.	Secretaría Xeral de Política Lingüística.	Asesoramento técnico en materia de planificación lingüística. Redacción de informes técnicos, estudos e memorias. Colaboración e participación en organizacións estatais e europeas.



Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
			Coñecementos e experiencia na participación en organizacións estatais e europeas relacionadas coa promoción das linguas minoritarias.		
13	Asesor/a de ordenación e desenvolvemento curricular	3	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Coñecemento da normativa do sistema educativo galego e estatal.</p> <p>Experiencia de traballo en equipo.</p> <p>Coñecementos avanzados de procesadores de textos e de ferramentas informáticas en contorno web.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Elaboración de estudos, informes e propostas normativas das etapas das ensinanzas de réxime xeral.</p> <p>Elaboración de propostas de resolución de recursos administrativos referentes ás ensinanzas de réxime xeral.</p> <p>Coordinación no deseño e actualización de propostas curriculares e do seu desenvolvemento.</p> <p>Coordinación de grupos de traballo.</p>
14	Asesor/a de programas de reforzo educativo	2	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia na xestión, coordinación e dinamización de programas para a mellora da inclusión educativa, a equidade e a convivencia.</p> <p>Coordinación e/ou participación en proxectos de innovación e/ou actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos de ámbito da inclusión educativa, a convivencia e a atención a diversidade.</p> <p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.</p> <p>Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Participación en proxectos de innovación, investigación e colaboración escolar.</p> <p>Asesoramento e dinamización dos distintos programas de apoio e mellora do sistema educativo que se promoven desde a consellería.</p> <p>Xestión, resolución e seguimento de plans e programas para o apoio e reforzo educativo, fomento do éxito escolar, a igualdade e a redución do abandono escolar temperá, incluíndo aqueles cofinanciados por programas de cooperación territorial e fondos europeos.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora sobre o desenvolvemento dos distintos programas.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias</p>
15	Asesor/a de orientación educativa	1	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia exercendo a xefatura de departamentos de orientación e/ou na xestión, coordinación e dinamización de programas para a mellora da atención a diversidade e a orientación educativa.</p> <p>Coordinación e/ou participación en proxectos innovadores e/ou actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos no ámbito da orientación educativa.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Asesoramento no deseño de plans e proxectos no ámbito da orientación e atención a diversidade.</p> <p>Deseño e coordinación de protocolos e materiais didácticos no ámbito da orientación educativa e da atención á diversidade.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora sobre o desenvolvemento dos distintos programas.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>



Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
			<p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.</p> <p>Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.</p>		
16	Asesor/a de igualdade	1	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia na coordinación, xestión e dinamización de programas para a mellora da atención a diversidade, a igualdade e a coeducación.</p> <p>Coordinación e/ou participación en proxectos innovadores e/ou actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos no ámbito da orientación.</p> <p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.</p> <p>Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Asesoramento no deseño de plans e proxectos no ámbito da igualdade, a coeducación na dinamización dos distintos programas de apoio e mellora do sistema educativo que se promoven desde a consellería.</p> <p>Impulso e dinamización de plans e programas de fomento da coeducación e a eliminación de condutas discriminatorias que mellores a inclusión e a convivencia escolar.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora sobre o desenvolvemento dos distintos programas.</p> <p>Deseño e coordinación de protocolos e materiais didácticos no ámbito da igualdade e da coeducación.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>
17	Asesor/a de recursos e novas tecnoloxías	1	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia na administración de plataformas de e-learning, publicación dinámica de contidos web, servizos de intranet.</p> <p>Coñecementos no uso das redes sociais.</p> <p>Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais, así como coñecemento avanzado en procesadores de textos, follas de cálculo, bases de datos, tratamento de datos estatísticos e ferramentas informáticas en contorno web.</p> <p>Coñecemento en inglés nivel B2.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Intervención no deseño, na coordinación, a xestión, o seguimento e asesoramento de accións relativas ao afondamento e o uso das ferramentas dixitais relacionados coa mellora no ámbito da inclusión, orientación e convivencia.</p> <p>Coordinación e participación no deseño de aplicacións dinámicas en contorno web especializadas en inclusión, orientación, igualdade, coeducación e convivencia.</p> <p>Coordinación dos contidos e planificación dos procedementos para a difusión no ámbito da inclusión e convivencia en liña.</p> <p>Promoción e difusión de experiencias neste eido transferibles aos centros</p>



Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
			<p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.</p>		<p>educativos.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora sobre o desenvolvemento dos distintos programas.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>
18	Asesor/a de convivencia e benestar	1	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia exercendo a xefatura de departamentos de orientación e/ou na xestión, coordinación e dinamización de programas para a mellora da convivencia e do benestar emocional.</p> <p>Coordinación e/ou participación en proxectos innovadores e/ou actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos no ámbito a convivencia e do benestar emocional.</p> <p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.</p> <p>Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Asesoramento no deseño de plans e proxectos no ámbito da convivencia e do benestar emocional, na dinamización dos distintos programas de apoio e mellora do sistema educativo que se promoven desde a consellería.</p> <p>Deseño e coordinación de protocolos, recursos e materiais didácticos no ámbito da convivencia e do benestar emocional.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora sobre o desenvolvemento dos distintos programas.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>
19	Asesor/a de inclusión educativa	2	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia na coordinación, xestión e dinamización de programas para a mellora da atención a diversidade e a inclusión educativa.</p> <p>Coordinación e/ou participación en proxectos innovadores e/ou actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos no ámbito da inclusión educativa.</p> <p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Impulsar e dinamizar plans e programas de fomento da educación inclusiva que redunden nos centros educativos.</p> <p>Relación con institucións, asociacións e entidades no ámbito da atención á diversidade e a inclusión educativa.</p> <p>Deseño e coordinación de protocolos, recursos e materiais didácticos no ámbito da inclusión.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora sobre o desenvolvemento dos distintos programas.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>



Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
			para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.  Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.		
20	Asesor/a de orientación vocacional	1	Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.  Experiencia na xestión, coordinación e dinamización de programas relacionados coa orientación vocacional.  Coordinación e/ou participación en proxectos innovadores e/ou actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos no ámbito da orientación vocacional.  Experiencia en tarefas de xestión administrativa.  Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.  Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Coordinación das actuacións que faciliten a identificación dos intereses vocacionais.  Información sobre itinerarios formativos e profesionais e o acceso ao mercado laboral.  Colaboración no deseño de actividades de formación dirixidas á orientación vocacional.  Asesoramento e xestión de ferramentas de apoio na orientación vocacional.  Información sobre itinerarios formativos e profesionais e o acceso ao mercado laboral e igualdade de condicións.  Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.
21	Asesor/a de programas educativos	1	Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.  Experiencia na xestión, coordinación e dinamización de programas educativos.  Coordinación e/ou participación en proxectos innovadores e/ou actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos.  Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade para compaxinar diferentes tarefas de xeito simultáneo.  Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías dixitais e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Coordinación das actuacións que faciliten a implementación de programas educativos nos centros docentes.  Colaboración no deseño de actividades de formación dirixidas a facilitar aos centros a posta en marcha de programas educativos.  Deseño e coordinación de protocolos, recursos e materiais didácticos no ámbito.  Elaboración de informes e propostas de mellora sobre o desenvolvemento dos distintos programas.  Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.
22	Asesor/a de programas para as	4	Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.	Dirección Xeral de Ordenación e	Xestión, coordinación, seguimento e asesoramento dos programas para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.



Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
	linguas estranxeiras		<p>Dominio oral e escrito de lingua inglesa e/ou francesa, acreditando un nivel mínimo de C1 nesta lingua.</p> <p>Coñecemento oral e escrito doutras linguas estranxeiras, valorarse a acreditación dun nivel mínimo de B1.</p> <p>Coñecemento da Estratexia EDUlingüe 2030 e dos plans e programas da consellería para a aprendizaxe de linguas estranxeiras.</p> <p>Participación en programas de potenciación das linguas estranxeiras.</p> <p>Coñecemento das ferramentas e tecnoloxías empregadas na Internet e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.</p> <p>Dominio do tratamento educativo integral na aprendizaxe das linguas.</p> <p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Experiencia e capacidade de traballo en equipo.</p> <p>Experiencia en cargos na Administración ou centros educativos: equipo directivo, coordinación de programas de plurilingüismo ou asesor técnico docente de linguas estranxeiras.</p>	Innovación Educativa	<p>Xestión das convocatorias de actividades de actualización e/ou inmersión en linguas estranxeiras do profesorado e do alumnado.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora individualmente ou en equipo sobre o desenvolvemento dos programas da Estratexia EDUlingüe 2030.</p> <p>Realización e seguimento de Acordos e/ou Convenios de colaboración con institucións autonómicas, nacionais ou internacionais.</p> <p>Interlocución e coordinación de grupos de traballo interdepartamentais, nacionais, internacionais, así como de empresas e organizacións da sociedade civil.</p> <p>Elaboración de materiais e outras actividades de formación e difusión.</p> <p>Xestión e/ou coordinación de traballo en equipo e tarefas encomendadas coa flexibilidade necesaria para levalas a cabo.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>
23	Asesor/a de internacionalización da educación	2	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Dominio oral e escrito de lingua inglesa, acreditando un nivel mínimo de C1 nesta lingua.</p> <p>Coñecemento doutras linguas estranxeiras.</p> <p>Experiencia en participación e coordinación de proxectos europeos, especialmente no programa Erasmus+ e eTwinning, así como outros programas de ámbito internacional.</p> <p>Participación en proxectos educativos de innovación, investigación e colaboración.</p> <p>Coñecemento e experiencia en en participación e coordinación en tarefas de difusión, promoción e formación asociada á internacionalización do sistema educativo.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Xestión administrativa e asesoramento sobre proxectos Erasmus+ e eTwinning, así como outros programas de ámbito internacional, nos ámbitos da educación e a formación.</p> <p>Tarefas de difusión, promoción e formación a potenciais solicitantes e beneficiarios da participación en programas internacionais.</p> <p>Elaboración de materiais e outras actividades de formación e difusión.</p> <p>Realización e seguimento de Convenios e/ou Acordos con institucións nacionais e estranxeiras.</p> <p>Coordinación e interlocución con institucións estranxeiras, nacionais e de ámbito autonómico que propicien mobilidades de alumnado e profesorado.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora individualmente ou en equipo en materia de internacionalización do sistema educativo.</p>



Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
			<p>Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías empregadas na Internet e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.</p> <p>Experiencia e capacidade de traballo en equipo.</p>		<p>Xestión e/ou coordinación de traballo en equipo e tarefas encomendadas coa flexibilidade necesaria para levalas a cabo.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>
24	Asesor/a de programas educativos	1	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia na xestión e/ou coordinación de programas para a mellora educativa, a innovación e a equidade a nivel escolar, de zona, estatal, nacional ou outros.</p> <p>Coñecemento do sistema educativo nas súas distintas etapas e niveis de concreción.</p> <p>Coordinación e/ou participación en actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos de ámbito educativo.</p> <p>Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías empregadas na Internet e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.</p> <p>Experiencia en tarefas de xestión administrativa.</p> <p>Experiencia e capacidade de traballo en equipo.</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Intervención no deseño, a xestión, o seguimento e asesoramento dos distintos programas de mellora da calidade e eficiencia da educación e da formación que favorezan a autonomía dos centros educativos.</p> <p>Impulso e dinamización de prácticas metodolóxicas activas e participativas nos centros educativos: aprendizaxe cooperativa e/ou colaborativo, proxectos interdepartamentais ou interciclos, entre outras iniciativas.</p> <p>Realización e seguimento de contratos de colaboración, onde o centro educativo adquira o compromiso de incrementar o éxito escolar do seu alumnado.</p> <p>Promoción e difusión de experiencias innovadoras que se estean realizando nos centros educativos.</p> <p>Interlocución e coordinación de grupos de traballo interdepartamentais, nacionais, internacionais, así como de empresas e organizacións da sociedade civil.</p> <p>Elaboración de informes e propostas de mellora individualmente ou en equipo sobre o desenvolvemento dos distintos programas.</p> <p>Xestión e/ou coordinación de traballo en equipo e tarefas encomendadas coa flexibilidade necesaria para levalas a cabo.</p> <p>Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.</p>
25	Asesor/a de innovación educativa	2	<p>Persoal funcionario de carreira de todos os corpos docentes.</p> <p>Experiencia no desenvolvemento de programas de innovación educativa.</p> <p>Coñecemento do sistema educativo nas súas distintas etapas e niveis de concreción.</p> <p>Participación en procesos de innovación e cambio en centros educativos.</p> <p>Coordinación e/ou participación en actividades formativas como talleres, xornadas, seminarios e/ou congresos de ámbito</p>	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	<p>Deseño, xestión, seguimento e asesoramento de programas de innovación educativa, así como de accións relativas a elaboración e difusión de materias de apoio neste campo.</p> <p>Impulso e dinamización de plans e accións de innovación educativa que redunden nos centros educativos.</p> <p>Realización e seguimento de Acordos e/ou Convenios de colaboración con institucións autonómicas, nacionais ou internacionais.</p> <p>Interlocución e coordinación de grupos de traballo interdepartamentais, nacionais, internacionais, así como de empresas e organizacións da sociedade civil.</p>





Nº de Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
			educativo.  Coñecemento das ferramentas institucionais e tecnoloxías empregadas na Internet e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.  Experiencia en tarefas de xestión administrativa.  Experiencia e capacidade de traballo en equipo.		Promoción e difusión de experiencias innovadoras que se estean realizando nos centros educativos.  Elaboración de informes e propostas de mellora individualmente ou en equipo sobre o desenvolvemento dos distintos programas.  Xestión e/ou coordinación de traballo en equipo e tarefas encomendadas coa flexibilidade necesaria para levalas a cabo.  Aqueloutras que se lle encomenden no ámbito das súas competencias.
